



## **BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA URXENTE DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN XEFE DE BRIGADA, DE UN PEÓN-CONDUTOR E DE TRES PEÓNS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA COFINANCIADA CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR GALICIA 2007-2013**

### **Primeira: Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é cubrir mediante concurso UNHA PRAZA DE XEFE DE BRIGADA, UNHA PRAZA DE PEÓN-CONDUTOR E TRES PRAZAS DE PEÓN ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Coristanco para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
2. Labores de prevención de incendios, que se desenvolveran en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.
3. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

En particular, o xefe de brigada é o responsable e coordinador do funcionamento da brigada e correspóndelle a coordinación interna da mesma así como a coordinación desta co persoal do Distrito Forestal ao que pertence o concello.

### **Segunda: Normativa aplicable.**

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada ; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servicio da Administración Xeral do Estado e Orden de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal interino e demais normativa vixente na materia. Lei 7/2007, de 12 de abril del Estatuto Básico del empleado público.

### **Terceira: Modalidade e duración dos contratos.**

As contratacións realizaranse a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, a xornada completa, e coas retribucións seguintes:

- Xefe de brigada: 1.715,00 euros/brutos mes, incluída a prorrata de pagas extras.
- Peón-condutor: 1.330,00 euros/brutos mes, incluída a prorrata de pagas extras.
- Peón: 1.155,00 euros/brutos mes, incluída a prorrata de pagas extras.



A duración da obra ou servizo será de 3 meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

## **Cuarta: Requisitos dos aspirantes**

### **Requisitos dos aspirantes.**

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta; acreditarase mediante certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como "Proba de aptitude física" nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

### **Requisitos específicos dos aspirantes a praza de Xefe de brigada:**

Ademais das xerais, estar en posesión de carné de conducir tipo B e estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

### **Requisitos específicos dos aspirantes a praza de Peón-condutor:**

Ademais das xerais, estar en posesión de carné de conducir tipo B e estar en posesión certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.

### **Requisitos específicos dos aspirantes a praza de Peón:**

Ademais das xerais, estar en posesión certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.

## **Quinta: Presentación de instancias.**

As instancias solicitando tomar parte neste proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde de Coristanco no modelo oficial que se facilitará na devandita entidade.



Presentaranse no Rexistro Xeral Municipal, durante o prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun anuncio nun dos diarios de maior tirada na provincia e destas bases no Taboleiro de Anuncios do concello . As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

Á intancia achegaranse inescusablemente:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia dalgunha das titulacións recollidas como requisito na base cuarta.
- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como “Proba de aptitude física” nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso.

Agás o certificado médico que deberá ser orixinal, a documentación presentada poderá ser fotocopia simple, debendo unicamente presentar os orixinais e fotocopias debidamente dilixenciadas o aspirante que resulte seleccionado.

#### **Sexta: Admisión de candidatos.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, dictará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e concederá un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da proba de aptitude física, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

#### **Sétima: Tribunal Cualificador.**

O tribunal estará constituído por:

- **Presidente:** Funcionario de grupo A.
- **Secretario:** Un funcionario da corporación. (que actuará con voz pero sen voto.)
- **Vogais:** O alcalde designará os seguintes:
  - 1.- Un/unha traballador/a laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello
  - 2.- Un/unha traballador laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.



Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 29 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

#### **Oitava: Probas selectivas e sistema de cualificación.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición e consistirá na superación de unha proba teórica, concurso de méritos e superación de proba física e recoñecemento médico. Para a realización de cada unha das probas e recoñecemento médico, os aspirantes deberán acompañar documento de identidade.

**1ª PROBA TEÓRICA:** Os aspirantes deberán facer unha proba eliminatoria consistente en contestar un test de entre 10 e 20 preguntas relacionadas coa defensa contra incendios, ferramentas, comportamento do lume, primeiros auxilios, actuacións en situación de emerxencia, aspectos xeográficos, patrimoniais, etc...do Concello de Coristanco.

É necesario responder correctamente alomenos ao 50% das preguntas para obter a condición de apto (os decimais resultantes de calcular o tanto por cento sobre o número de preguntas redondearase por exceso). A proba cualificarase como APTO (coa valoración puntuada das preguntas correctas) ou NON APTO, de forma que só poderán continuar no proceso selectivo as persoas que obteñan a cualificación de apto na proba teórica. As persoas que non superen a proba teórica serán eliminadas do proceso selectivo, e polo tanto non se valorarán os méritos aportados para a fase de concurso.

**2ª PROBA FÍSICA DE ESFORZO.** Será necesario a superación dunha proba física consistente en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto ( 22,5 veces/minuto) durante un periodo de cinco minutos un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm de altura para mulleres.

Será necesario alcanzar a cualificación de APTO.

**3ª FASE DE CONCURSO:** Nas bases específicas que completen estas bases xerais se concretarán os méritos que se valorarán na fase de concurso, así como os criterios de valoración dos mesmos.

#### **Novena: Lista de seleccionados presentación de documentos.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, con posterioridade á resolución na que se publique a lista definitiva ou na mesma resolución, publicarase a data de celebración da proba teórica.



Unha vez realizada a proba teórica o Tribunal reunirase a efectos de correxir e valorar dita proba e publicarase o resultado no taboleiro de Edictos do concello, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, na lista coas persoas que superaron e as que quedan eliminadas por non alcanzar a condición de apto.

Unha vez rematada e calificada a proba teórica o tribunal reunirase para a realización da proba física. As probas faranse por orde de puntuación.

Unha vez rematada e calificada a proba física o tribunal reunirase para o cómputo dos méritos alegados na fase de concurso. O tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello a relación de preseleccionados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da calificación obtida na proba teórica e da obtida na fase de concurso, sen prexuízo do xa sinalado en relación á proba de aptitude física que deberán superarse en todo caso. En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no apartado A-1. Se o empate persistise priorizarase a aqueles que teñan máis puntuación no apartado A-2. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederase a un sorteo entre os/as implicados/as.

O tribunal presentará ao Sr. Alcalde a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación e tivera superado a proba de aptitude física, para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Despois deste proceso e previamente á contratación do persoal integrante da brigada, realizará un recoñecemento médico no que se realizará unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurriña por falsidade na solicitude de participación.



## **Décima: Formalización do contrato.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo máximo de cinco (5) días naturais.

## **Undécima: Lista de reserva**

Na acta da selección, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de equivalentes.

Chamaráse en primeiro lugar aos aspirantes que xa tiveran realizado e superado a proba física de esforzo e só no caso en que se agotase esta lista, pasarase a chamar por orde ao resto de aspirantes. Estes últimos deberán realizar a proba física e o recoñecemento médico e superalos antes da formalización do correspondente contrato.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación

## **Duodécima: curso de formación.**

Os aspirantes seleccionados deberán participar con carácter obrigatorio nun programa de formación con un mínimo de 16 horas en materia de defensa contra incendios, comportamento do lume, ferramentas, extinción e liquidación, conducción de vehículos todoterreo, seguridade laboral, primeiros auxilios, traballos con vehículos motobomba, liñas de defensa e ferramentas, EPI e comunicacións, seguridade, saúde e partes e medios aéreos, embarque e desembarque.

Os dous primeiros aspirantes da lista de reserva poderán participar de forma voluntaria na acción formativa, sen que esta formación implique a súa contratación inmediata.

## **Décimo terceira: Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **Primeira: Sistema de selección.**

O sistema de selección será de concurso- oposición

### **Segunda: Retribucións.**

As retribucións serán as establecidas nas bases xerais para as referidas prazas.

### **Terceira: Proceso selectivo.**

#### **FASE DE OPOSICIÓN:**

##### **Examen tipo test (carácter eliminatorio)**

Consistirá en contestar un test de entre 10 e 20 preguntas relacionadas coa defensa contra incendios, ferramentas, comportamento do lume, primeiros auxilios, actuacións en situación de emerxencia, aspectos xeográficos, patrimoniais, etc...do Concello de Coristanco.



É necesario respostar correctamente a lo menos ao 50% das preguntas para obter a condición de apto (os decimais resultantes de calcular o tanto por cento sobre o número de preguntas redondearanse por exceso). A proba calificarase como APTO APTO (coa valoración puntuada das preguntas correctas) ou NON APTO, de forma que só poderán continuar no proceso selectivo as persoas que obteñan a calificación de apto na proba teórica. As persoas que non superen a proba teórica serán eliminadas do proceso selectivo, e polo tanto non se valorarán os méritos aportados para a fase de concurso.

## **PROBA DE APTITUDE FÍSICA**

Proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

De conformidade co establecido no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Coristanco para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, será necesario a superación dunha proba física consistente en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto ( 22,5 veces/minuto) durante un periodo de cinco minutos un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm de altura para mulleres. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física. Unha vez finalizado ese tempo, a persoa que realizou o exercicio reposará 15 segundos, e unha vez finalizados se lle tomará o pulso (nos pulsos ou no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). A proba se realizará nun local tranquilo, necesitándose unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de peso, idade, e pulsacións, se pasarán as tablas establecidas no anexo I, e determinar a superación ou non da proba.

Os resultados de proba evaluaranse como APTO / NON APTO.

A proba de aptitude física realizarase na clínica da Mutua Gallega sita na Avda Fisterre nº 265 A 1º A Coruña.

## **FASE DE CONCURSO:**

Valoraranse os seguintes méritos:

### **A.1.—Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 5 puntos.**

-Para a praza de xefe de brigada: por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada como xefe de brigada ou capataz **en campañas de loita contra o lume**: 0,30 puntos por mes, ata un máximo de 5 puntos.

-Para a praza de peón-conductor: por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada como xefe de brigada, capataz ou peón- conductor **en campañas de loita contra o lume**: 0,30 puntos por mes, ata un máximo de 5 puntos.

-Para a praza de peón: por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada como xefe de brigada, capataz, peón-conductor ou peón **en campañas de loita contra o lume**: 0,30 puntos por mes, ata un máximo de 5 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos os documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

### **A.2 Cursos: ata un máximo de 3 puntos**



**Formación:** cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso. A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 3 puntos.

A acreditación dos cursos mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

### **A.3: Permisos de conducir: máximo 1 puntos**

Por estar en posesión do permiso de conducir BTP: 1 punto.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor. No caso de estar en posesión de máis de un tipo de permiso so se valorará o de maior puntuación.

A puntuación máxima na fase de concurso será de **9 puntos**.

De forma previa á contratación do persoal integrante da brigada, os aspirantes que superasen todas as probas, realizará un recoñecemento médico no que se realizará unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Este recoñecemento será realizado por facultativos competentes que determinarán se o aspirante é APTO/ NON APTO.

O recoñecemento médico farase na clínica da Mutua Gallega sita na Avda Fisterra nº 265 A 1º A Coruña.

A calificación de NON APTO dos aspirantes no recoñecemento médico suporá a súa exxclusión do proceso. Será chamado o aspirante que conste no posto seguinte da lista que teña superadas todas as demais probas, e así sucesivamente. De non ser o caso, será o aspirante seleccionado situado en primeiro lugar e que tivese superado a proba física de esforzo e só no caso en que se agotase esta lista, pasarase a chamar por orde ao resto de aspirantes. Estes últimos deberán realizar a proba física e o recoñecemento médico e superalos antes da formalización do correspondente contrato.

Coristanco, 15 de xullo de 2014







## ANEXO I: PROBA DE APTITUDE FÍSICA

### PROTOCOLO:

Dispoñer dun metrónomo a unha cadencia de 90 pulsacións por minuto (22,5 ciclos de subir e baixar do banco cada minuto).

Usar un banco de 40 cm de altura para homes e un de 33 cm para mulleres.

Comenzar a proba do banco subindo e baixando do mesmo en cadencia co metrónomo.

Cada catro pulsacións do metrónomo representan un ciclo completo de subir e baixar do banco.

Cada pulsación del metrónomo representa un só paso como segue:

- Subir ao banco co pé dereito.
- Subir ao banco co pé esquerdo.
- Baixar do banco co pé dereito.
- Baixar do banco co pé esquerdo.

O pé dianteiro debe cambiarse varias veces durante a proba. Procurar estender as pernas no punto máis elevado de cada ascensión ao banco.



Efectuar a proba durante 5 min. Ao final dos 5 min. sentarse inmediatamente e tomar as pulsacións. Despois da proba para calcular por táboas (homes e mulleres) o consumo máximo de oxíxeno non compensado coa idade en unidades de ml. Kg-1. Min-1. (**Coefficiente de Saude**)

Co valor do coeficiente de saúde e a idade, calculamos o valor do consumo máximo de oxíxeno compensado en unidades de ml. Kg-1.min-1 (**Capacidad Aeróbica**)

Os cálculos do consumo máximo de oxíxeno pódense efectuar según as táboas desenvolvidas polo Equipment Development Center, USDA, S.F. (United States Department of Agriculture, Forest Service), que son as que se veñen utilizando normalmente :

- **Maior de 40 APTO.**
- **Menor de 40 NO APTO**



ANEXO

<b>1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:</b>		
<b>2.- CONVOCATORIA:</b>		
<b>3.- DATOS PERSOAIS:</b>		
<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>	<b>NOME</b>
<b>DATA DE NACEMENTO</b>	<b>LUGAR DE NACEMENTO</b>	<b>PROVINCIA DE NACEMENTO</b>
<b>DNI</b>	<b>DOMICILIO</b>	<b>TELEFONO</b>
<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>4.- FORMACIÓN (TÍTULOS)</b>		
<b>5.- A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA:</b>		
<b>6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:</b>		
<input type="checkbox"/> a.-Fotocopia do DNI.		
<input type="checkbox"/> b.-Fotocopia do título correspondente.		
<input type="checkbox"/> c.-Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.		

*O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.*

En                    a                    de                    de 2014

*Sinatura*

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CORISTANCO (A CORUÑA)